


**ACTA Nº 02/2018 DA XUNTANZA DA ASEMBLEA XERAL DO AGRUPAMENTO  
EUROPEO COOPERACIÓN TERRITORIAL DO RIO MIÑO – AECT RIO MINHO,  
CELEBRADA O DIA 06 DE XUÑO DE 2018.**

--- En data seis de xuño de dous mil e dez e oito, ás dez e oito horas e trinta minutos, na súa Sede en Valença, reúnese a Asemblea Xeral do Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial do Río Miño – AECT Río Minho. -----

--- A xunta è presidida, en substitución do Presidente da Mesa, polo Secretario da Mesa da Asemblea Xeral, Marcos David Besada Pérez, Alcalde do Concello de Salceda de Caselas, e por Vitor Manuel Inácio Costa, Vicepresidente da Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira, Secretario ad-hoc da mesa, en substitución do Secretario suplente. -----

--- Na xunta foron tratados os seguintes asuntos: -----

**Asunto nº1: Deliberación /aprobación de Plan de Actividades e Orzamento para 2018;**




--- O Director do AECT Río Minho presenta un resume do **Plan de Actividades e Orzamento para 2018**, informando que este concentra gran parte dos seus recursos en actividades de consolidación institucional do AECT Río Minho na rexión, e de desenvolvemento territorial do Río Miño Transfronteirizo; ben a través da sedimentación do traballo en rede, coas dinámicas locais de cooperación transfronteiriza: A Guarda-Caminha-O Rosal; Cerveira-Tomiño; Valença-Tui; Monção-Salvaterra-As Neves e Melgaço-Arbo-Crecente, e mais do apoio à posta en marcha do proxecto Smart\_Miño, cofinanciado por Interreg V A; ben a través da presentación do AECT Río Minho a entidades rexionais, autonómicas, nacionais e europeas. Informa ademais que se vai facer tamén un esforzo moi significativo na promoción de actividades que contribúan à conservación e valorización do Río Miño Transfronteirizo. En especial no apoio à CIM Alto Minho e à DP na coordinación e implementación do proxecto “Visit\_Río\_Minho”, aprobado polo Programa Interreg V A, e na identificación e inserción en redes e parcerías nacionais e internacionais que sustenten a estratexia do Río Miño Transfronteirizo; así como na procura de fontes de financiamento nacionais e comunitarias e eventualmente, na adhesión a novas candidaturas. -----

---- En cuestión de orzamento, informa que este ascende ao valor global de 75.800 Euros, correspondendo na case totalidade a gastos correntes, e que para o ano 2018 está prevista unha coparticipación financeira de 30.000 euros, de acordo cos os Artigos 7º e 8º dos Estatutos, por parte de cada unha das entidades asociadas, Comunidade Intermunicipal do Alto Minho e Deputación de Pontevedra. -----

---- Logo desta presentación procedese à discusión e votación deste punto da orde do dia, tendo a Asemblea Xeral acordado por unanimidade aprobar o Plano de Actividades e Orzamento para 2019, nun total de dous votos correspondentes a cada delegación representativa dos membros do AECT Río Minho. -----

**Este acordo foi, por unanimidade, aprobado en minuta.**

**Asunto nº2: Consideración/aprobación do regulamento de funcionamento do Secretariado Técnico e Servizos de apoio técnico e administrativo, de acordo cos Artigos 20º e 21º dos Estatutos;**



---- O Director do AECT Río Minho presenta un resumo do Regulamento de Funcionamento do Secretariado Técnico e Servizos de apoio técnico e administrativo, de acordo cos Artigos 20º e 21º dos Estatutos, informando que o Consello Coordinador, de acordo co Artº 20 dos Estatutos, nomeou para Secretarios Técnicos a D. Lois Pérez Castrillo e D. Antonio Abílio Pereira Torres. -----

---- Despois da presentación, procedeuse à discusión e votación deste punto da orde do dia, acordando a Asemblea Xeral por unanimidade, dun total de dous votos correspondentes a cada delegación representativa dos membros do AECT Río Minho, aprobado o Regulamento de Funcionamento do Secretariado Técnico e Servizos de apoio técnico e administrativo, de acordo cos Artigos 20º e 21º dos Estatutos, que deberá ser obxecto de publicación no Diario da República Portuguesa. -----

**Este acordo foi, por unanimidade, aprobado en minuta.**

**Asunto nº3: Outros asuntos de interese para a actividade do AECT Río Minho;**

---- Neste punto da orde do dia non foi tomado ningún acordo. -----

---- Non habendo mais nada que tratar, foi pechada a presente xuntanza, sendo as dezanove horas e trinta minutos. -----

**AGRUPAMENTO TERRITORIAL DE COOPERAÇÃO TERRITORIAL  
DO RIO MINHO – AECT RIO MINHO**


---- E, para que conste se elabora a presente Acta que fica asinada polos membros presentes da Mesa da Asemblea Xeral. -----

----- ESTÁ CONFORME -----

AECT Río Minho, en Valença, a 06 de xuño de 2018.

A MESA DA ASAMBLEA XERAL,

Presidente da Mesa da AX, (por substitución)



-----  
(Marcos David Besada Pérez)

Secretario da Mesa da AX, (por substitución)



-----  
Vitor Manuel Inácio Costa